

A Reserva Mariña de Columbretes.

O Arquipélago das Illas Columbretes, situado a unhas 36 millas fronte ás costas de Castellón, forma un entorno privilexiado no Mediterráneo español. As Columbretes constitúen a parte visible dun extenso campo volcánico submarino.

Estas illas foron durante anos un insólito obxectivo para prácticas militares de tiro aéreo, e nas súas augas xacen aínda as pegadas daquela época, pero é tal a riqueza submarina deste arquipélago que foi declarado reserva mariña no 1990.

A elevada calidade das augas e a escarpada topografía dos fondos determinan a estrutura e a variedade das comunidades biolóxicas que nelas habitan. Aquí os peixes atopan un hábitat perfecto.

A grande transparencia das augas que circulan neste arquipélago posibilita a presenza de algas ergueitas a unha profundidade mesmo superior aos oitenta metros. Entre o conxunto da cuberta de algas, destaca unha cunha forma especial; é a coñecida como Antuca de Venus, cada un dos seus parasoles está formado por unha única célula.

Animais filtradores con aspecto de prantas, como os espirógrafos, desenvolven un particular deseño que os distingue do fondo. Así estenden un penacho filtrador que captura o alimento.

Baixo a protección de rochas e covas, outros animais que prefiren a sombra forman as comunidades esciófilas. Neste ambiente, outros animais filtradores, as ascidias, teñen unha importante presenza. Son organismos con larvas nadadoras que posúen unha caste de columna vertebral, e cando son adultos viven fixos ao sustrato.

Outros invertebrados móbiles, como os coloridos opistobranquios, e unha ampla variedade de crustáceos de diversas formas, viven en harmonía nos fondos das Columbretes ata que os seus hábiles predadores dan conta deles.

A langosta e outros decápodos son moi frecuentes e están amplamente representados en todos os recantos das illas e illotes.

A orixe volcánica das illas deu lugar a formacións rocosas de grande pendente, onde os ocos e as covas combinan a luz e a escuridade co azul do mar. Nestes fondos caóticos que lembran a orixe volcánica das Columbretes, dánse cita milleiros de pequenos peixes, e tamén exemplares novos doutras especies na busca de refuxio.

Peixes de maior tamaño, como os peixes limón, recorren a columna de auga sementando a inquedaanza entre as súas presas. Comparten nicho e banquete con outro grande predador, o espetón ou barracuda do mediterráneo, que deambula con cautela: o seu éxito dependerá do sixilo co que consiga moverse.

Preto do fondo, poderosos predadores bentónicos, como a morea, prefiren comezar a caza tras o solpor, cando toman o relevo a outros grandes grupos de peixes, como lábridos, espáridos e serránidos, de mayor actividade diurna.

A lonxanía da costa e o feito de non existir nas illas nengunha fonte de contaminación fai que a calidade das augas deste entorno mariño sexa extraordinaria. Esa característica, unida ao escaso impacto do ser humano, tradúcese nun excelente estado das comunidades bentónicas. Un peculiar enclave insular protexido, que permite observar o Mediterráneo nun estado pouco habitual nese mar.